



Expte. Subvención 6405/2019 Expte. Deputación 2020023037	Expte. Actuación preparatorias contratos: 491/2021	Expte. Actuación preparatorias contratos: 1266/2021. Control arqueolóxico	Expte. Contratación: 3049/2021
Tipo de contrato: OBRAS			
Obxecto do contrato: REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA E RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO			
Procedemento de contratación: Aberto simplificado con división en lotes.			
Tramitación: Ordinaria.			
Código CPV: 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas			
Prezo estimado: 212.027,92 €		IVE: 44.525,86 €	
Orzamento base de licitación: 256.553,78 €			
Duración REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA: 3 MESES			
Duración RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO: 4 MESES.			



Reurbanización da Rúa Nova.



Renovación Urbana da Praza San Gregorio.

PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE. A vista do establecido nos artigos 28.1 e 116.4 da LCSP, a necesidade da realización do presente contrato xustifícase:

De conformidade co establecido no artigo 25 d), da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local o Concello ten a competencia na “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.



► **Reurbanización da Rúa Nova.**

Tal e como se desprende da memoria do proxecto redactado polo Arquitecto, D. Francisco Javier Reboredo Chaves e o Enxeñeiro Industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo, na que se di que conscientes da necesidade de potenciar o núcleo urbano e poñelo en valor, realizaranse unha serie de actuacións de reurbanización e mellora dos servizos existentes.

A rúa Nova ten un tramo inicial no que xa se realizou unha actuación anterior sobre as beirarrúas e o pavimento e dotouse de arborado e mobiliario urbano.



Tramo inicial da Rúa Nova

Xustifícase a necesidade da realización das obras como unha continuación dunha actuación anterior no tramo inicial da rúa polo que existen condicionantes en canto a materiais e deseño e debido á necesidade de manter unha certa homoxeneidade.

Por outra banda, resulta necesario dar cumprimento a Orde do VIV/561/20210, pola que se desenrola o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados, así como a Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas da CC.AA de Galicia.



► Renovación Urbana da Praza San Gregorio.

O Concello de Cambados leva tempo executando obras de renovación e humanización de rúas e prazas no casco histórico, pero aínda quedan espazos urbanos por renovar. Este é o caso da Praza de San Gregorio que constitúe unha illa sen renovar dentro deste casco histórico.

Coas obras eliminarase o pavimento moi deteriorado, facilitarase a accesibilidade e actuarase sobre as redes de saneamento e alumeadado público, dado que non se realizou intervención algunha sobre a Praza dende os anos oitenta.



SEGUNDO.- OBXECTO DO CONTRATO. O obxecto do contrato, en cumprimento do disposto polos artigos 99 e 231 da LCSP, atópase definido no proxecto das obras de **“REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA”**, redactado polo Arquitecto, D. Francisco Javier Reboredo Chaves e o Enxeñeiro Industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo e no de **“RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA DE SAN GREGORIO”**, redactado pola arquitecta, D^a Paula Alfonso Laya.

Os proxectos contemplan a realización dos traballos seguintes:

► Reurbanización da Rúa Nova.

“... As obras consisten na demolición da beirarrúa existente que dispón dun pavimento de louseta hidráulica para substituílo por outro de lousas de pedra, conforme as características indicadas en Planos e na descrición das partidas do Presupuesto. A aliñación actual da beirarrúa en planta e alzado mantense a nivel xeral, con adaptacións puntuais para cumprimento da normativa de accesibilidade.

O deseño contempla un vial de 6,0 m de ancho con beirarrúas de pedra de ancho variable a ambos lados. En todos os casos mantense un ancho mínimo de 1,8 m, incluso na zona na que se habilita unha franxa de aparcamento. A superficie total de beirarrúa a substituír é de 375 m².

Unha vez demolida a beirarrúa e o bordillo e retirados os escombros realizarase unha escavación de 20 cm que despois se encherá con 10 cm de zahorra e compactarase. Sobre esa superficie colocaranse as lousas de granito gris alba ou similar,



de 40 x 60 y 6 cm de espesor. O novo bordillo será de granito de 20 de ancho e 30 cm de altura e colocarse sobre unha base de formigón en masa.

As farolas existentes será necesario desmontalas e recolocaranse, unha vez chorreadas e pintadas, de forma que se manteña na aliñación. A calidade lumínica do alumeadado non se modifica.

Tamén se retirará o mobiliario urbano existente a fin de facilitar os traballos de reposición do pavimento. Unha vez revisado e/ou reparado será reinstalado. Plantaranse 10 árbores que se dotarán da correspondente rede de rego.

No tramo de aparcamento terá un ancho de 2,0 cm e o pavimento en esa zona será de adoquín. Non se realizará ningunha actuación sobre o pavimento do vial.

As cotas dos rasantes lonxitudinais e transversais da beirarrúa adaptaranse ás cotas dos accesos existentes mediante zonas de transición que se definirán en obra ao obxecto de reducir ao mínimo a afección sobre as condicións de ditos accesos.

Para a redacción do Proxecto utilizouse a cartografía do Concello de Cambados. A escavación precisa para a instalación do novo pavimento da beirarrúa é moi superficial e realizarase nun terreo compacto, de orixe antrópico e sen presenza de nivel freático polo que non é preciso realizar un Estudio Xeotécnico específico. ...”

► Renovación Urbana da Praza San Gregorio.

“... 5.1 LEVANTADO E DEMOLICIÓN. Correspondentes ó levantamento de mobiliario urbano (bancos, maceteiros e papeleiras), toda a pavimentación da praza, incluíndo a totalidade do firme ata chegar á cota de solo natural, vexetación (eliminarase parte da vexetación, en mal estado), bordillos, algúns bolardos perimetrais

5.2 AFECCIÓN A SERVIZOS EXISTENTES. Neste proxecto se repavimentará toda a praza, aproveitando para renovar a instalación de saneamento existente, en bastante mal estado, e facer a rede de saneamento separativa, enlazando coa rúa das Rodas na medida do posible, que xa conta con este sistema.

5.3 MOVEMENTO DE TERRAS. O movemento de terras é practicamente inexistente, tan só se plantexa a escavación de sub-bases do pavimento e a escavación de zanxas para a nova rede de saneamento.

5.4 FIRMES E PAVIMENTOS. Renovarase a totalidade do pavimento, empregando distintas solucións para cada un dos ámbitos. Na colocación do pavimento terase en conta a realización dun itinerario marcado para persoas con discapacidade. Os encontros coas edificacións existentes se tratarán de maneira coidadosa, colocando unha lámina impermeabilizante en todo o perímetro.

Os pavimentos a empregar son:

Pavimento tipo: lousa granítica 60x40x6. Nos entronques coas rúas perimetrais seguirase co pavimento continuo que enlace co existente, na rúa das Rodas, polo norte, creando un espazo amplo de pavimento duro, que de continuidade ó existente de lousas de granito silvestre seleccionado de 60x40 e 6 cms de espesor, abuxardado, sobre dous tipos de firme distintos. Na parte norte colocarse unha base de formigón en masa, supoñendo que por ahí entrarán os vehículos ós garaxes. No resto, farase unha compactación do terreno natural, colocarse unha base de zahorra artificial compactada (ou arena de miga) de 15 cms sobre xeotextil, unha cama de area seleccionada e a lousa granítica, sempre con pendente cara ó interior da praza, de maneira que as augas se filtren de maneira natural cara o terreo, pero sen afectar ó punto de encontro coas edificacións existentes.

Pavimento drenante tipo basefilt. Colocarase na zona sur da praza, sendo un lugar ótimo para que xoguen os nenos. É un pavimento composto de áridos decorativos aglomerados con resinas transparentes, que permite, grazas á gama cromática, crear deseños persoalizados. Permite a evacuación da auga da chuvia de maneira natural ó terreo. Ó permitir a circulación da auga, se logra evitar a erosión do pavimento, dotando a este de maior resistencia. Ademais, ó non acumular a auga de chuvia, evitamos problemas de charcos e esvaramentos. Farase unha compactación do terreno natural, colocarse unha base de zahorra artificial compactada (ou arena de miga), e finalmente se rematará co pavimento drenante, de 40 mms de espesor.

Pavimento modular de formigón ecoDraining drenante e descontaminante. Colocarase na zona oeste da praza, onde se situarán os bancos con respaldo. Trátase dun pavimento modular (neste caso empregaremos maioritariamente, lousas 30x20x6,5, en cor travertino, por ser o que consideramos que empata mellor coas cores das fachadas nesta parte) de formigón con alta capacidade drenante, fabricado en formigón de alta resistencia con áridos silíceos, graníticos e basálticos. Utilizando na súa fabricación materiais reciclados, a súa cara vista ten a capacidade de descontaminar o o aire de óxidos nitrosos e outros contaminantes.

Bordillos. Non hai bordillos nesta obra, pero si que empregaremos travesas de madeira para sinalar o encontro de pavimentos, e para reconstruír a xardineira adosada á vivenda noroeste.

Alcorques. Non hai alcorques nesta obra, as árbores medrarán sen limitacións na cota do encontro coa terra, estando rodeadas a 45 cms pola superficie a modo de banco do centro da praza. Deste xeito, a auga da chuvia chaga á zona de terra, e fíltrase de forma natural.

5.5 DRENAXE E ALCANTARILLADO. Defínense e valóranse as obras de adaptación á rede existente, para compatibilizar a actuación co correcto funcionamento da rede e evitar zonas de encharcamento, especialmente nas zonas nas que se coloca pavimento non drenante. As obras relativas á rede de saneamento que se contemplan dentro do ámbito consisten en remodelación da rede actual e novos puntos de enganche coa xa existente, entendidas como as obras necesarias para o axuste da rede existente á urbanización proxectada.



5.6 ALUMEADO PÚBLICO. Aproveitaremos esta obra para aumentar o alumeado público da praza. As luminarias existentes se consideran en bo estado, sendo o modelo empregado en todo o casco histórico. Pero colocaremos a maiores algo de iluminación LED no mobiliario urbano de bancos e xardineiras, tendo en conta os estándares actuais de eficiencia enerxética na iluminación e coidando de xeito especial o alumeado de recunchos e zonas escondidas, evitando zonas sombrías, ofrecendo así seguridade en todo o ámbito da praza.

5.7 SINALIZACIÓN VIARIA. Non se intervén na mesma.

5.8 MOBILIARIO URBANO. A actuación complétase coa disposición de novo mobiliario urbano. Apostamos polo uso da madeira, de procedencia de bosques galegos certificados con selo FSC, tratada en autoclave risco 4, e, na medida do posible, será realizado polo obradoiro de emprego de Cambados, potenciado así o emprego local e o KM cero, reducindo a emisión de gases contaminantes á atmosfera e contribuíndo á mellorar a pegada ecolóxica desta obra.

Deséñase un gran banco central, que ocupa a pegada da casa central primitiva, e que acolle todas as árbores que mantemos a través de ocos centrais. Este banco permitirá o paso da auga de chuvia, por varios motivos: evitamos augas estancadas en zonas de madeira que colabores co seu deterioro, e permitimos que a zona verde reciba auga para alimentar a vexetación alí existente.

Colocaranse bancos con respaldo na zona da praza de pavimento modular ecodraining, para que os veciños poidan ter tamén unha zona de bancos cómodos.

Deseñaremos papeleiras a medida, que se integren co resto do mobiliario.

Non se colocará ningún bolardo nesta obra.

5.9 XARDINERÍA E PLANTACIÓNS. Como xa explicamos, mantéñense todas as especies arbóreas de certo calado, como son o magnolio, a roseira grande, as palmeiras,... Todas se integrarán dentro do gran banco central. Neste banco colocaremos o punto de subministro de auga para rego xa existente.

Retiraremos o seto perimetral e as especies pequenas. Replantaremos a xardineira lonxitudinal adosada á vivenda noroeste, rematándoa con travesas de madeira..."

TERCEIRO.- Por Decreto de Alcaldía, 2020-0544, de data 20/05/2020, prestouse aprobación ao proxecto de “REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA” e, en relación co proxecto da “RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA DE SAN GREGORIO”, modificado para adaptalo á normativa de Patrimonio, foi aprobado por Decreto da Alcaldía 2021-0654, de data 13/05/2021.

Os valores estimados dos proxectos son os seguintes:

REURBANIZACIÓN RÚA NOVA		
Execución material		78.171,73
13% Gastos xerais	10.162,32	14.852,62
6% Beneficio industrial	4.690,30	
Valor estimado		93.024,35

RENOVACIÓN URBANA PRAZA S. GREGORIO		
Execución material		100.000,00
13% Gastos xerais	13.000,39	119.003,57
6% Beneficio industrial	6.000,18	
Valor estimado		119.003,57

Os orzamentos base de licitacións son os seguintes:

REURBANIZACIÓN RÚA NOVA	
Valor estimado	93.024,35
21% IVE	19.535,11
Presuposto base de licitación	112.559,46

RENOVACIÓN URBANA PRAZA S. GREGORIO	
Valor estimado	119.003,57
21% IVE	24.990,75
Presuposto base de licitación	143.994,32

Establécense os lotes seguintes:





Nº Lote	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL LOTE
LOTE 1.- REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA	93.024,35	19.535,11	112.559,46
LOTE 2.- RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO	119.003,57	24.990,75	143.994,32
Investimento total proxecto.	212.027,92	44.525,86	256.553,78

CUARTO.- FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO.- No *expediente de subvención 6405/2019*, constan as notificacións de concesión das axudas, outorgadas ao abeiro do **Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2020)** pola Excm. Deputación de Pontevedra, quedando polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público, aceptándose ámbalas axudas por Decreto de Alcaldía.

Investimento PC2020	Nº Expte	Subvención	Fondos
REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA	2020023037	112.559,46	0,00

Investimento PC2020	Nº Expte	Subvención	Fondos
RENOVACIÓN URBANA PRAZA SAN GREGORIO	2020023066	143.994,32	0,00

QUINTO.- ELECCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.- O Concello de Cambados non dispón de medios nin materiais nin persoais para acomete-las obras por si, polo que resulta necesario tramita-lo correspondente expediente para a contratación das mencionadas obras.

Á vista do establecido no artigo 159.1 da LCSP, o contrato adxudicarase por **procedemento aberto simplificado**, dado que o valor estimado do contrato (**212.027,92 €**) non supera a cantidade de 2.000.000,00 €.

En Cambados.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

